

N.I.F.	INTERESADO	NLX
35874273	COSTAS RODRIGUEZ JAIME A	245
35982381	BERNARDEZ ROMERO M. TERESA I	445
35916057	CELA PEREIRA JOSE ALFONSO	445
35845876	PELAEZ LAMANA MARIANO	445
33235323	SAYANS TORRADO JOSE	445
35856023	CARREIRA CARREIRA MXIMINO	445
B36813418	O RANCHO GALEGO SL	445
35931588	FERNANDEZ TRIGO JOSE A.	487
B36663680	MI QUE SL	494
36041795	DOMINGUEZ GONZALEZ ANTONIO J	496
18645881	NAVARRO PONCE EMILIA	497
34913251	YAÑEZ VALENCE ISABEL	497
36072912	MARIÑO COSTAS M. ANGELES	497
36015558	PEREIRA CAMPOS CARLOS	497
36015558	PEREIRA CAMPOS CARLOS	497
36015558	PEREIRA CAMPOS CARLOS	497
36015558	PEREIRA CAMPOS CARLOS	497
3413251	YAÑEZ VALENCE ISABEL	497
B36817310	AEIOU VOCALES SL	498
36051603	COVELO SOLAR M. CARMEN	498
B3673118	DICOFI, S.L.	498
36041795	DOMINGUEZ GONZALEZ ANTONIO J	498
E36814507	VIRTUAL, CB	498
36051172	ALVAREZ MARTINEZ RAMON	552
35025925	MANZANARES VEIGA SANTIAGO R	552
52493677	GONZALEZ TORRES MIGUEL ANGEL	552
76989649	COUÑAGO TAIBO PURIFICACION	552
11077688	BORGE CASTRO BEGOÑA	552
36028485	NAVEIRAS ALVAREZ JOSE LUIS	552
35946665	RODRIGUEZ GLEZ. M. OFELIA	552
35965393	FIGUEROA SALGUEIRO SANTIAGO	556
35792958	VAZQUEZ ALVAREZ MARIA AIDA	556
33086900	FERNANDEZ TABOADA ANGEL	556
11977294	GONZALEZ MARTINEZ FRANCISCA	556
36051172	ALVAREZ MARTINEZ RAMON	561
36051172	ALVAREZ MARTINEZ RAMON	561
36051172	ALVAREZ MARTINEZ RAMON	561
16334271	MARTINEZ ALEGRIA LUIS A	561
35930296	CANOVA GONZALEZ JESUS	561
11977294	GONZALEZ MARTINEZ FRANCISCA	561
35965393	FIGUEROA SALGUEIRO SANTIAGO	561
35965393	FIGUEROA SALGUEIRO SANTIAGO	561
11977294	GONZALEZ MARTINEZ FRANCISCA	561
36051172	ALVAREZ MARTINEZ RAMON	561
35996523	HERRUZO GONZALEZ TOMAS	620
36041795	DOMINGUEZ GLEZ. ANTONIO J	620
18394716	LOZANO MATEOS TEOFILO JESUS	620
36041795	DOMINGUEZ GLEZ. ANTONIO JOSE	621
36046837	ANDRES IGLESIAS MARGARITA	621
36116747	BAÑOS CASTRO PABLO	621

N.I.F.	INTERESADO	NLX
34823732	GOMEZ PARADA DIGNA	621
35996523	HERRUZO GONZALEZ TOMAS	621
35963633	FERNANDEZ GUERRA JOSEFINA	621
35966758	GOMEZ CARREIRA MANUEL	621
35990888	BASTOS VILABOIA MARIA CARMEN	621
	CONCEPTO: RQ. SOC. INCOMPLETAS 1998	
B36820769	PROMOC. A. BURACA, SL	1025
B36837920	EMIDAMAR, SL	1025
B36847416	GESLIMIA, SL	1025
	CONCEPTO: TRAMITE AUDIENCIA SANCIONS	
35971087	MASTACHE GARCIA M.	1058

En virtude do anterior dispoño que os suxeitos pasivos, obrigados tributarios indicados anteriormente, ou os seus representantes debidamente acreditados, deberán comparecer no prazo de dez días, contados dende o seguinte o da publicación da presente resolución no Boletín Oficial que corresponda, de luns a venres, en horario de 9 a 14 horas, no lugar que para cada un se sinala, para o efecto de practica-la notificación do citado acto.

Así mesmo advírteselle os interesados que, no caso de no comparecer no citado prazo, a notificación entenderase producida para todos os efectos legais, dende o día seguinte o do vencemento do prazo sinalado para comparecer.

Vigo, a 7 de Decembro de 1999.—O Xefe da Dependencia de Xestión Tributaria, José Manuel López Martínez. 10962

AYUNTAMIENTOS

PONTEVEDRA

ANUNCIO

Ordenanza Municipal reguladora das Medidas de Conservación e de Seguridade nos Elementos Exteriores das Edificacións.

O Pleno da Corporación, en sesión de 27/11/99, acordou prestar aprobación definitiva ó texto íntegro da Ordenanza Municipal reguladora das Medidas de Conservación e de Seguridade nos Elementos Exteriores das Edificacións, a cal se desenvolve en dez artigos, unha disposición transitoria e un anexo, e o seu texto íntegro figura transcrito literalmente na acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa Municipal de Urbanismo de 24/11/99, resolvéndose as alegacións formuladas durante a fase de información pública do expediente e citadas na parte expositiva deste acordo en idéntico

sentido ó dictame emitido por este órgano informativo municipal.

Consonte co establecido no artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime local, na redacción conferida pola Lei 39/1994, do 30 de decembro, no citado acordo plenario, dispúxose tamén a publicación do texto íntegro da Ordenanza no "Boletín Oficial" da Provincia para a súa entrada en vigor, nos termos da lexislación de réxime local, con comunicación á Administración Xeral do Estado e da Comunidade Autónoma.

O texto da Ordenanza aprobada definitivamente, que entrará en vigor ós quince días seguintes a esta publicación e comunicación ás Administracións estatal e autonómica, é o seguinte:

"XUSTIFICACION E EXPOSICION DE MOTIVOS.—Na nosa cidade, especialmente durante os últimos anos, se veñen a producir numerosos desprendementos de materiais de revestimento exterior das fachadas dos edificios que ocasionaron os seguintes accidentes e danos a bens e persoas, chegando desgraciadamente a provocar incluso o tráxico falecemento dun cidadán, situación que debe entraña-la intervención desta Administración municipal encamiñada a evitar esas situacións de risco sobre a vía pública, máxime cando tales feitos, orixinaron unha situación de auténtica preocupación dos veciños en xeral, que colaborando con este Excmo. Concello, comunicaron situacións e serios casos de perigo de caída de materias á vía pública, en moitos casos en zonas moi poboadas da cidade e próximas a colexios e equipamentos, o que demandou que os servicios municipais atenderan preferentemente tales casos, cunha frecuencia certamente indesexada.

Factores como a escasa calidade en certas edificacións levantadas en décadas pasadas, a falta de control e verificación técnica da súa execución ou o esgotamento e deterioro dos elementos integrantes da fachada, poden ser circunstancias que incrementan este fenómeno que se produce non só no noso municipio. Se como primeira medida este Excmo. Concello optou por dictar un Bando de data 2 de xuño de 1998 sobre o deber de conservación dos paramentos exteriores das edificacións, recordando ós propietarios a obriga legal de conservar-las edificacións en condicións normais de seguridade, salubridade e ornato público, adoptándose as medidas precisas para evita-la produción de danos a persoas e materiais, a experiencia deste último ano e a necesidade de avanzar na cultura do sostemento dos edificios, aconsella regular tal situación e que os propietarios dos inmobles do Municipio, procedan a inspeccionalos e a adopta-las medidas necesarias para evitar calquera circunstancia de risco dos seus elementos exteriores, considerados como tales a fachada, cuberta e demais elementos regulados nesta ordenanza.

Xurde así esta Disposición Xeral, que bascula sobre o xogo de dous instrumentos que se reputan eficaces para lograr evita-los riscos advertidos. En primeiro lugar, o certificado de inspección que debe emitir un técnico competente. En segundo lugar, un tradicional acto de intervención dentro da esfera da Administración Local como é a orde de execución, mecanismo ó que se deberá acudir no suposto de que o certificado, a súa ausencia de presentación ou a inspección técnica municipal aconsellen a realización de obras de seguridade.

No Concello de Pontevedra, non se esixía detalla-los sistemas e procedementos constructivos admisibles para a execución dos revestimentos das fachadas dos edificios ou determina-los deseños máis aconsellables dende o aspecto constructivo, e que aseguren no posible a seguridade das persoas que circulen pola vía pública. Por ditos motivos se estima que no se debe continuar por máis tempo nesa situación e para iso se redacta a presente ordenanza como un medio de palia-la repetición de accidentes desa clase.

Dado o contido desta disposición de carácter xeral, resulta evidente que a súa tramitación e aprobación definitiva debe exclusivamente suxeitarse ás determinacións da Lexislación de Réxime e Administración Local de Galicia, debéndose lograr que na súa fase de exposición pública interveñan na maior medida posible os axentes sociais e profesionais implicados na súa aplicación, como son os colexios e asociacións profesionais vinculados coa construción, o que sen dúbida enriquecerá e poderá aportar desexables suxestións ó texto que agora se presenta.

Artigo 1º. OBXECTO.—Sendo un dos deberes urbanísticos dos propietarios das edificacións mantelos en condicións de seguridade, salubridade e ornato público, con suxeición ás normas sobre protección do medio ambiente e do patrimonio histórico, consonte establece o artigo 170 da Lei 1/1997, de 24 de marzo, do Solo de Galicia, é obxecto desta ordenanza regula-la verificación do mantemento dos elementos exteriores das edificacións -con independencia do seu uso- en perfectas condicións de seguridade e conservación, evitando así o seu desprendemento e eliminando situacións de risco sobre as persoas e bens.

Artigo 2º. AMBITO DE APLICACION.—Esta ordenanza estende a súa regulación a todos os elementos exteriores (fachada, paramentos e cuberta) e demais elementos das edificacións susceptibles de se desprender e caer encol da vía pública, como, por exemplo, aleiros, cornixas, gárgolas, canles, imbornais, pretís, galerías, balcóns, ménsulas, cenefas, impostas, chapados, escudos etc., das edificacións do Municipio de Pontevedra e de titularidade pública ou privada, con independencia do seu uso ou destino e antigüidade.

Serán responsables do cumprimento desta ordenanza, as persoas físicas ou xurídicas que ostenten a propiedade das mesmas.

Quedan excluídas do ámbito de aplicación da presente ordenanza as edificacións exentas, construídas no interior de parcelas privadas, que non linden en ningunha das súas fachadas coa vía pública.

Artigo 3º. INSPECCION, INFORME E CERTIFICADO-DICTAME.—Os propietarios de edificacións incluídas no precepto anterior, haberán de verificalo mantemento das condicións normais de seguridade das súas fachadas a través da obtención do correspondente certificado-dictame de seguridade emitido por facultativo competente e visado polo seu Colexio Profesional correspondente, no que se acreditará o estado de conservación e seguridade dos elementos exteriores dos edificios que poidan afectar a persoas ou bens.

O certificado-dictame renovarase cada dez anos, tendo que conter, como mínimo, os elementos e especificacións contemplados no modelo que se reproduce no anexo desta ordenanza e ir acompañada coas fotografías correspondentes.

O Concello de Pontevedra, a través dos seus Servicios Técnicos Municipais, poderá esixir este certificado-dictame en todo momento.

Artigo 4º. PROXECTOS TECNICOS DE CONSTRUCCION.—Os proxectos técnicos de edificación ou intervención no que se fundamenten as solicitudes de licencias urbanísticas municipais deberán incluí-las oportunas especificacións e detalles constructivos en relación a tódolos elementos exteriores da edificación, incluídos os chapados ou aplacados, se os tiveren.

Artigo 5º. PROCEDEMENTO.—O procedemento para esixilo deber de conservación das fachadas exteriores e das súas cubertas poderase iniciar de oficio ou a instancia de calquera persoa que teña coñecemento do seu incumprimento.

Esta omisión dos deberes legais a que se refire esta ordenanza, facultará ó Concello de Pontevedra, na persoa do seu Alcalde-Presidente ou Tenente de Alcalde no que delegue, para esixila presentación do certificado de seguridade previsto no artigo 3º dentro do prazo máximo dun mes, salvo que se aprecien circunstancias de perigo que xustifiquen a súa presentación coa máxima urxencia. Neste caso xunto á existencia de aportación da certificación, poderase ordenar a execución de diversas obras de seguridade, consonte ó precepto seguinte, de se-lo propietario haberá de acreditar no propio certificado técnico o cumprimento da orde municipal, co contido esixido nesta disposición.

Artigo 6º. NECESIDADE DE OBRAS E ORDE DE EXECUCION.—6º.1. No suposto de que o certificado técnico determine a necesidade de realizar obras de conservación e seguridade ou así o consi-

deren oportuno os Servicios Técnicos Municipais, o Concello dictará unha orde de execución ós propietarios afectados —equivalente á licenza municipal— os cales terán que realizar tales obras nos prazos fixados na orde de execución, que seguirá ó propio certificado ou informe municipal.

Para a realización da orde de execución a propiedade disporá da debida dirección facultativa e do cumprimento da vixente regulamentación en materia de seguridade e saúde, polo que eses documentos terán que se presentar no Concello xunto á solicitude de andamios, valados ou elementos precisos, para o que se aboarán os impostos municipais preceptivos.

Rematada a obra, acreditarase a súa execución co correspondente certificado final de dirección da obra, emitido polo seu técnico director.

6.2. O Concello no exercicio das potestades permanentes de policía urbanística, poderá iniciar, de oficio ou por instancia de parte, en calquera edificación o procedemento de inspección urbanística e de orde de execución de obras, con independencia das que se prevén no certificado técnico particular, previo informe dos seus Servicios Técnicos Municipais, consonte co procedemento previsto no artigo 26 e seguintes do Regulamento de Disciplina Urbanística, Decreto 28/1999, de 21 de xaneiro, podendo adoptar ou ordenar ós propietarios aquelas medidas provisionais que estime oportunas para asegurala eficacia da resolución que puidese recaer e elimina-los primeiros riscos de desprendemento sobre a vía pública, consonte establece o artigo 72 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, na redacción conferida pola Lei 11/1999, de 21 de abril.

Artigo 7º. INCUMPRIMENTO.—Omitido o réxime contido nesta ordenanza ou transcorridos os prazos determinados na orde de execución sen se realiza-las obras, o Alcalde ou Tenente de Alcalde Delegado poderá dispor que se proceda á súa execución subsidiaria ou á súa execución forzosa, despois de apercibimento, mediante a imposición de multas coercitivas en contía que oscilará entre 50.000 e 500.000 pesetas, xustificando o seu importe en función das circunstancias que concorran, de conformidade co citado Regulamento de Disciplina Urbanística.

Sen prexuízo da adopción destes medios de execución forzosa, poderase incoar por este Concello o correspondente procedemento sancionador ó abeiro da normativa urbanística vixente e Regulamento do procedemento para exercicio da potestade sancionadora, aprobado polo Real Decreto 1398/1993, de 4 de agosto.

Artigo 8º. INFRACCIONS.—Constitúen infraccións en materia de conservación dos paramentos exteriores dos edificios e cubertas, a omisión do

cumprimento dos deberes referidos nesta ordenanza e en especial as seguintes:

- a) Carecer do certificado de seguridade ou telo caducado.
- b) Non presenta-lo certificado de seguridade no Concello no prazo requerido para a súa aportación.
- c) Non realiza-las obras necesarias que se poidan indicar na orde de execución e descritas no certificado particular e/ou no informe técnico municipal, dentro do prazo indicado.
- d) Incumprir, en calquera caso, a orde de execución que dicte o Concello.

Artigo 9º. SANCIONS.—As infraccións que se cometan desta ordenanza conlevarán a imposición das sancións seguintes:

- a) As infraccións tipificadas nos apartados a) e b) do precepto anterior, sancionaranse coa multa de 100.000,- pesetas.
Cando se supere nun mes os prazos regulados, se otorgará un novo prazo dun mes para o seu cumprimento, que de ser incumplido suporá a imposición dunha sanción de 250.000 pesetas.
- b) As infraccións tipificadas nos apartados c) e d) do precepto anterior, sancionaranse co que determine a normativa aplicable.

Artigo 10º. REGLAS PARA A APLICACION DE SANCIONS.

- a) No caso de que por aplicación desta ordenanza se incoe expediente sancionador por dous ou máis infraccións tipificadas entre as que existan conexión de causa a efecto, se imporá unha soa sanción, sendo a correspondente á sanción de contía máis elevada.

No resto dos casos, os responsables de dous ou máis infraccións imporáselles as multas correspondentes a cada unha das infraccións cometidas.

- b) A base para o cálculo da multa, beneficio económico e réxime de aplicación de circunstancias atenuantes ou agravantes e graduación de multas, estarase ó disposto na normativa de aplicación.

DISPOSICION TRANSITORIA PRIMEIRA.—O prazo de cumprimento da obriga de presenta-lo certificado de seguridade referido no artigo 3º, será o que resulte da antigüidade da edificación, computándose o periodo de presentación dende a entrada en vigor da ordenanza, isto é quince días dende a súa publicación no Boletín Oficial da provincia e dación de conta ás Administracións estatal e autonómica:

- * Edificios con fachada de chapados ou aplacados de granito con independencia da súa antigüidade: Dous anos.

- * Edificios con outro tipo de chapado ou aplacado: Catro anos.
- * Resto de edificios: Seis anos.
- * Edificios en construción: Xunto co certificado facultativo de final de obra.

ANEXO.—MODELO DE DOCUMENTO ACREDITATIVO DO ESTADO DE SEGURIDADE E CONSERVACION DOS ELEMENTOS EXTERIORES DOS EDIFICIOS.

CERTIFICADO-DICTAME

D. de profesión e colexiado co Nº no Colexio Oficial de, con residencia no Municipio de, Rúa/Praza

CERTIFICO:

Que despois de efectuadas as debidas comprobacións e inspección dos elementos exteriores da fachada do edificio sito na Rúa/Praza de Pontevedra e composto de planta baixa e X plantas de piso, puido constatar que se encontra en correcto estado de mantemento e, polo tanto, os seus materiais non ofrecen perigo de desprendemento nin caída, salvo a concorrencia de causas de carácter extraordinario ou imprevisibles dende o aspecto técnico.

OU

Que despois de efectuadas as debidas comprobacións e inspección da fachada do edificio sito na Rúa/Praza de Pontevedra e composto de planta baixa e X plantas de piso, puido constatar da súa descrición, que o seu estado de conservación esixe as seguintes obras de consolidación e conservación:e as operacións de mantemento:.....nos seguintes prazos:.....

E para que conste e para os efectos ante o Concello de Pontevedra e onde o propietario o considere procedente, expido esta certificación en Pontevedra, o día de de mil novecentos noventa e nove”.

RECURSOS PROCEDENTES:

Contra o precedente acordo, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer o Recurso Potestativo de Reposición perante o Pleno da Corporación e no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ó da súa modificación, consonte co establecido no art. 116-1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, segundo a redacción dada pola Lei 4/1999, pola que se modifica a primeira, ou ben directamente o Recurso Contencioso Administrativo perante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ó da súa notificación,

consonte ó disposto nos artigos 8-1 e 46-1 da Lei 29/1998, de 13 de xuño, da Xurisdicción Contencioso-Administrativo.

No caso de se interpoñer-lo recurso potestativo de reposición, éste deberá ser resolto e notificado no prazo dun mes segundo se establece no artigo 117-2 da citada Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999, entendéndose desestimado o recurso de reposición polo transcurso do mencionado prazo sen resolución expresa notificada, de conformidade co establecido no arigo. 43-2 desa Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999, podendo entón os interesados interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de seis meses contados dende o día seguinte de aquél no que se deba entender presuntamente desestimado o recurso de reposición interposto, consonte ó establecido no artigo 46-1) e 4) da Lei 29/1998, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

Non obstante, tamén se poderá interpoñer calquera outro recurso que os interesados estimen procedentes consonte a Dereito.

Pontevedra, 9 de decembro do 1999.—O Alcalde, P.D., O Tte. Alcalde Delegado da Area de Urbanismo e Medio Ambiente, Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo.—O Secretario Xeral, Julio Dapena Outomuro. 11105

* * *

MARÍN

EDITO

Durante o prazo de dez días pódense presentar reclamacións en relación co expediente a nome de María Dolores Piñeiro Calvar, no que solicita licenza para acondicionamento e apertura de local para bar en Pardavila, nº 11-baixo.

Marín, a 13 de decembro de 1999.—O Alcalde-Presidente, Antonio Santiago Fernández. 11046

* * *

PORRIÑO

ANUNCIO

Faise constar, en cumprimento do disposto no artigo 104.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, que por Resolución da Alcaldía de data 6 de xullo do actual, foi nomeado don Juan Manuel Rivera Martínez, como persoal eventual, para o posto de Chófer e Auxiliar Servicios Alcaldía, con dedicación plena e unha retribución de 144.139 pesetas brutas mensuales.

O Porriño, a 29 de novembro de 1999.—O Alcalde, José Manuel Barros González. 11041

VILAGARCIA DE AROUSA

ANUNCIO

O Concello Pleno, en sesión de data 26-11-1999, aprobou inicialmente o Regulamento de Réxime Interno da Escola-Obradoiro do Concello de Vilagarcía de Arousa III. De conformidade co disposto no artigo 49 b) da Lei 7/1895, do 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local, sométese o expediente a información pública e audiencia dos interesados por un prazo de 30 días para que poidan presentarse reclamacións ou suxerencias. No caso de non presentarse éstas, entenderase definitivamente aprobado o citado Regulamento.

Vilagarcía de Arousa, 10 de decembro de 1999.—
O Alcalde, Joaquín Javier Gago López. 11022

ANUNCIO

O Concello Pleno, en sesión de data 26-11-1999, aprobou inicialmente modificación do Regulamento do Servicio de Axuda no Fogar. De conformidade co disposto no artigo 49 b) da Lei 7/1895, do 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local, sométese o expediente a información pública e audiencia dos interesados por un prazo de 30 días para que poidan presentarse reclamacións ou suxerencias. No caso de non presentarse éstas, entenderase definitivamente aprobada a citada modificación.

Vilagarcía de Arousa, 10 de decembro de 1999.—
O Alcalde, Joaquín Javier Gago López. 11023

* * *

A ESTRADA

EDITO

Habéndose solicitado desta Alcaldía por Jemagosa, S.L., licenza municipal para a instalación de depósito aéreo G.L.P. 4 m³ en rúa nº 20, esquina Trav. Avda. América, cumprindo o disposto no artigo 30.2.a do Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas de 30 de novembro de 1961, sométese a información pública por período de dez días hábiles a fin de que durante o mesmo (que empezará a contarse dende o día seguinte ó da inserción do presente edito no Boletín Oficial da provincia) poida examinarse o expediente, na Secretaría deste Concello, polas persoas que dalgún modo se consideren afectadas pola actividade de que se pretende instalar e formular por escrito as reclamacións ou observacións que se estimen oportunas.

A Estrada, a 8 de novembro de 1999.—O Alcalde, ilexible. 11042